

**CONVOCATORIA DE AXUDAS DE CUSTO PARA A MOBILIDADE (STT) DO
PERSOAL DOCENTE E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE
PERMANENTE ERASMUS**

CURSO 2009/2010

A Universidade da Coruña publica a convocatoria de **axudas de custo** para fomentar a mobilidade con fins de formación (Erasmus Staff Mobility for Training) no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente Erasmus para o curso 2009/2010 cara a outros centros de ensino superior ou empresas pertencentes á Unión Europea.

OBXECTIVO

O obxectivo desta convocatoria consiste en fomentar a dimensión internacional da Universidade da Coruña, favorecendo a mobilidade con fins de formación do PDI e do PAS da UDC co fin de completar a súa formación, adquirir aptitudes prácticas e beneficiarse da transferencia de coñecementos e competencias relacionadas co desenvolvemento da súa profesión. As actividades que se van realizar poderán ser moi variadas (seminarios, obradoiros, períodos de formación práctica, observación de profesionais, visitas de estudos etc.).

CENTROS DE DESTINO

Os centros de destino poderán ser empresas ou outras institucións de ensino superior socias e posuidoras da Carta Erasmus.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

- Formar parte do persoal en activo da Universidade da Coruña.
- Presentar un programa de traballo (segundo o anexo 2).
- Acordar o plano de traballo e o programa coa institución de ensino superior ou empresa de destino.
- A actividade na institución da Unión Europea realizarase obrigatoriamente antes do 25 de setembro de 2010. Fóra desta data a actividade non será financiada.

COMPATIBILIDADE

Estas axudas son incompatibles con calquera outra destinada a cubrir gastos financiados con outros fondos. Así mesmo son incompatibles coa realización de actividades docentes ou investigadoras vinculadas a programas polos que se perciba unha axuda ou un salario da Universidade ou para a aprendizaxe de idiomas.

DURACIÓN DA ESTADÍA

As axudas concederanse por unha estadía dun máximo dunha semana.

CONDICIÓNS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas serán financiadas con cargo á partida orzamentaria da UDC n.º 9870.990204-422D-48003, por un importe inicial de 5000 euros, que poderá ser completado posteriormente por fondos procedentes da OAPEE.

O importe da axuda calcularase sobre a base de axudas de custo diarias axustándose aos importes máximos establecidos e mais os gastos de viaxe. Para os efectos deste cálculo non se pagarán os días non formativos, agás se son días de viaxe.

Así mesmo, o programa de traballo deberá demostrar que as actividades relacionadas coa mobilidade tiveron lugar desde o primeiro día da estadia pola mañá ata o último día pola tarde.

Estas axudas de custo non están suxeitas a retencións do IRPF por seren axudas destinadas exclusivamente a compensar gastos de viaxe e manutención e aloxamento.

Os importes das axudas calcularanse segundo os importes seguintes:

Axudas de viaxe

Concederanse conforme aos gastos reais. En calquera caso, a axuda máxima total non poderá superar as seguintes cantidades:

- | | |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| • Portugal: | 150 euros |
| • Bulgaria, Eslovaquia, Eslovenia, Grecia, Hungría, Irlanda, Letonia, Lituania, Polonia, Rep. Checa, Romanía, Turquía: | 350 euros |
| • Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Francia e Italia: | 300 euros |
| • Resto dos países da UE: | 250 euros |

Axudas de manutención e aloxamento

Os importes máximos das axudas corresponderán aos regulados no BOE número 2, de 3 de xaneiro de 2006.

DOCUMENTACIÓN

A persoa solicitante deberá presentar a documentación seguinte:

- Impreso de solicitude (anexo 1). O impreso deberá incluír o visto e prace da persoa responsable administrativamente da persoa solicitante.
- Programa de traballo (anexo 2). O programa estará asinado pola persoa responsable administrativamente da persoa solicitante en orixe. A sinatura da institución de destino poderá posporse ata o regreso da estadia.

SELECCIÓN

A concesión das axudas farase por orde de entrada no Rexistro da UDC. Non obstante, daráselle prioridade ás actividades que potencien a adaptación da Universidade da Coruña ao Espazo Europeo de Educación Superior, á modernización dos procesos administrativos, ao coñecemento de novos métodos que revertan na maior calidade da xestión e da docencia.

COMISIÓN

A Comisión de selección estará formada por:

- M^a José Martínez López, vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais
- M^a Jesús Grela Barreiro, vicexerente en funcións
- Bertha Guijarro, directora da Oficina de Relacións Internacionais

- Sandra King, responsable técnico da Oficina de Relacións Internacional

RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

As concesións comunicaránelles por escrito directamente ás persoas interesadas. Asemade publicárase a resolución de concesións en www.udc.es/ori.

ACEPTACIÓN

A aceptación ou a renuncia á axuda deberá notificarse por escrito (segundo o modelo do anexo 3).

As persoas beneficiarias deberán asinar na Oficina de Relacións Internacionais un convenio financeiro coa Universidade da Coruña.

No caso de renuncia, a axuda poderá ser adxudicada a outra persoa solicitante, sempre que cumpra os requisitos establecidos na convocatoria.

PAGAMENTO

Ao termo da estadía, e no prazo máximo dunha semana, a persoa beneficiaria da axuda deberá presentar na Oficina de Relacións Internacionais a documentación seguinte:

- Xustificación de gastos de desprazamento (factura ou recibo do pagamento da viaxe, tarxetas de embarque, recibos de autoestrada, etc.).
- Xustificación de gastos de aloxamento (factura ou recibo do pagamento do aloxamento).
- Programa de traballo (anexo 2) asinado pola persoa beneficiaria, pola persoa que sexa a súa responsable administrativa na institución de orixe e na institución de destino. O programa de traballo deberá demostrar que as actividades relacionadas coa mobilidade tiveron lugar desde o primeiro día da estadía pola mañá ata o último día pola tarde.
- Unha certificación de estadía segundo o modelo do anexo 4.
- Informe final das actividades realizadas segundo o modelo que se lle facilitará na Oficina de Relacións Internacionais xunto co convenio financeiro que se asinará previo á mobilidade.
- Un recibo xustificante do cobramento da axuda.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Esta convocatoria permanecerá aberta desde o primeiro día da súa publicación na web da UDC **ata o 1 de setembro de 2010** ou ata esgotar o total da partida orzamentaria.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Maestranza 9, 15001 A Coruña) ou nos rexistros auxiliares do campus de Elviña (Casa do Lagar, 15071, A Coruña) ou do campus de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera s/n, Esteiro, 15403 Ferrol).

A Coruña, 8 de outubro de 2009

O reitor

José María Barja Pérez

ANEXOS

Anexo 1: Modelo de solicitude de axuda de custo para a mobilidade de persoal (STT) no marco do programa LLP/Erasmus.

Anexo 2: Modelo de programa de traballo

Anexo 3: Modelo de aceptación ou renuncia

Anexo 4: Modelo de certificado de estadía